



Colexio  
APÓSTOL SANTIAGO

XESUÍTAS - VIGO

CENTRO PLURILINGÜE	
Concertado	E. Infantil, E. Primaria, E.S.O.
Privado	Bacharelato



Xaneiro 2019

## **ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO 2019 - 2020**

Temos o pracer de comunicarlles o prazo e as prazas dispoñíbeis para o ingreso de **NOVO ALUMNADO** no Colexio Apóstol Santiago para o vindeiro curso académico 2019-2020:

• **EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA e ESO**: O prazo de presentación de solicitudes para estes niveis está aínda sen concretar pola Consellería de Educación, aínda que supoñemos que **será na primeira quincena de marzo**. ***As visitas guiadas comezarán o mércores 30 de xaneiro***. Para solicitar praza para Educación Infantil de 3 anos, cómpre ter nacido no ano 2016.

• **1º e 2º BACHARELATO**: Aquelas familias que estean interesadas en que o seu fillo ou a súa filla estude BACHARELATO no Colexio Apóstol Santiago, deberán **recoller na secretaría a solicitude** a partir **do mércores 6 de febreiro**.

Neste intre hai **prazas dispoñíbeis** en **Educación Infantil para nenas e nenos de 3 e 5 anos, 1º e 2º de Primaria, 1º, 2º e 3º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato**. Para os restantes cursos poderán cubrir a solicitude, condicionada sempre ás posíbeis prazas que poidan quedar baleiras.

Aquelas familias que estean interesadas en **coñecer** máis polo miúdo o noso **proxecto educativo**, as **instalacións** do centro ou os **servizos** que prestamos, poden solicitar unha **visita guiada** acompañadas por persoal do Centro.

As visitas guiadas serán, con carácter xeral, todos os mércores lectivos dende o 30 de xaneiro ata o 13 de marzo en horario de 15.30h a 17.00h, ambos inclusive.

Por cuestións organizativas é imprescindible solicitar **cita previa** por calquera dos seguintes medios.

- Mediante chamada telefónica ao número: 986 37 10 11, indicando o motivo da chamada.
- Mediante correo electrónico, aos seguintes enderezos, dependendo do nivel solicitado.  
É necesario indicar como asunto do correo Asistencia á Xornada de Portas Abertas.

Infantil-primaria: [admisiones.infprim@colegioapostol.com](mailto:admisiones.infprim@colegioapostol.com)

ESO-Bacharelato: [admisiones.esobach@colegioapostol.com](mailto:admisiones.esobach@colegioapostol.com)

Un cordial saúdo

O Equipo Directivo